

S2201090 – Museos e itinerarios histórico-artísticos. Ensinar e aprender noutros contextos



“Ás portas de Compostela, entre Vidán, a Choupana, Conxo, Anido e a Rocha, á beira da estrada que conduce a Pontevedra e ó comezo da costa que descende á ponte da Rocha, no bordo dun pequeno noiro do pequeno castro (...) tivo o meu fillo Ramón Sobrino Lorenzo (...) a fortuna de descubrir un penedo de granito fino (...) con gravados de arte rupestre de estilo galaico - portugués.”

Ramón Sobrino Buhigas, extracto traducido ó galego do artigo publicado no Faro de Vigo o 1 de agosto de 1935 intitulado “Petróglifos Compostelanos de la Edad de Bronce”.



Área arqueolóxica do Castriño de Conxo


O castriño de Conxo (GA15078041)

Nun pequeno outeiro (230 m.s.n.m) situado nun enclave privilexiado ó SO da cidade localízase o pequeno castriño de Conxo. Fica na contorna dunha liña de tránsito empregada dende a prehistoria ata actualidade, preto da posible vía XIX, despois do camiño portugués e nunha encrucillada da camiños históricos como o que conduce a Muros – Noia no eixe central dun amplo territorio entre o Ulla e o Tambre.

Un poboado da Idade do Ferro que posúe un único recinto de forma ovoide bastante irregular. Castro de pequenas dimensións que oscilan entre os 85 m (N-SE) e 10 m (E-O) que ocupa unha superficie aproximada dunha hectárea. Conserva unha liña formada por un parapeto de terra que rodea a croa central. Este parapeto defensivo consérvase ben nalgúns zonas e chega a superar os 2 m. Non temos constancia de intervencións arqueolóxicas no castro e só se aprecian restos dunha canteira na zona central explotada ata tempos moi recentes. Parte da superficie do castro (NE - SE) permanece no interior da finca Somoza, o propio muro lindeiro desta propiedade esta construído sobre o propio parapeto defensivo do xacemento. Na parte oriental figura documentado un lenzo de muralla de pedra de cachotería sen argamasa duns 5 m de lonxitude e preto 1,75 m de altura.



Castriño de Conxo en 1956



Deseño do Castriño de M. Carlos García Martínez. 1971



Liña defensiva do Castriño de Conxo na zona NE

O petróglifo de Conxo (GA15078084)

Na parte Sur do mesmo recinto do castriño de Conxo, formando parte da liña defensiva do poboado, áchase un penedo alongado de 6,9 m (noroeste – sureste) e 2,7 m (nordés – sureste) con múltiples gravuras de figuras de armas e outros símbolos da primeira Idade do Bronce posiblemente na transición entre o II e III milenio a.C. É, ata o momento, o único xacemento destas características localizado nun xacemento castrexo.


Foi a primeira rocha panoplia coñecida e probablemente sexa a máis coñecida do espazo rupestre galaico.

Nos diferentes paneis inclinados a Oeste e Norte figuran un amplo repertorio de deseños de armas, a maioría en posición activa, realizadas con gran detalle: nove **espadas**, varias delas con empuñadura circular e representacións do nervio ou crista central e canles paralelos ós fios; catro **alabardas**, tres delas moi esquemáticas pero tamén unha alabarda representada con todo tipo de pormenores (mango con dobre trazo e placa de suxeición con remaches que a asemellan as de tipo “Carrapata” datadas en torno ó 1800 a.C), dous posibles **puñais** de espigo, catro motivos triangulares (posibles **escudos**) e outros motivos de difícil identificación como consecuencia do seu deficiente estado de conservación (posible idoliño, brazaete de arqueiro, escaleriforme ou cinto, un antropomorfo, etc.). Completan o repertorio insculturado algúns motivos xeométricos formados por covañas e sucos lineais moi erosionados.

Cómpre destacar as figuras triangulares con paralelos noutras laxes de armas (Pedra das Procesións en Gondomar, Pedra Ancha en Dumbría, Mogüelos en Cangas, etc) que foron interpretadas ó longo do tempo como machados votivos, ídolos antropomorfos, escudos, estandartes e ata carros de guerra. A súa forma en triángulo isósceles co ángulo inferior cara abaixo, as “asas” ou “orelleiras” que sobresaen por cada lado, proporcionándolle unha suposta forma facial que levou a súa interpretación como posible antropomorfo. Porén, a maioría dos/as especialistas coinciden en interpretalos como escudos feitos con materiais orgánicos.

Os motivos representados constitúen, como xa sinalaba Mac White no ano 1951, unha clara mostra das relacións atlánticas europeas dende a Prehistoria recente, pois as armas representadas son moi semellantes ás localizadas no rexistro arqueolóxico en determinados xacementos das Illas Británicas.

O petróglifo foi obxecto (no propio ano 1935) dun calco mediante un baleirado inverso en xeso realizado polo arqueólogo Ramón Sobrino Buhigas, hoxe consérvase no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.



In memoriam: Ramón Sobrino Lorenzo –Ruza (1915– 1959)

Foi a finais de marzo de 1935, nun día chuvioso da primavera Compostelá, cando un mozo chamado Ramón Sobrino Lorenzo Ruza descubre a primeira gran laxe de armas do chamado “Grupo Galaico da arte Rupestre”. Unha descuberta que determinaría a súa traxectoria profesional alcanzado e superando o traballo realizado previamente polo seu prestixioso pai, o arqueólogo Ramón Sobrino Buhigas autor do famoso “Corpus Petroglyforum Gallaeciae”, e converténdoo en digno sucesor do traballo realizado no val do Lézec polos primeiros arqueólogos da antiga Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra.

A súa vida profesional como mestre de debuxo na escola de Artes e Oficios “Mestre Mateo” e como aparellador municipal no Concello de Santiago vincularíao ás terras e xentes de Compostela. Non obstante, foi o estudo dos nosos xacementos arqueolóxicos, primordialmente dos petróglifos e xacementos megalíticos, o que o uníran sentimentalmente e para sempre á nosa comarca. Lembremos que Sobrino L.-R foi o descubridor ou divulgador de xacementos tan relevantes como o petróglifo

do Castriño de Conxo e do Monte Pedroso en Santiago de Compostela, dos gravados de Oca en Ames ou dos petróglifos de Mallos, Outeiro do Corno ou da Pena Bicuda de Regoufe en Teo. Tamén no municipio teense foi o primeiro en subliñar a relevancia dunha das áreas arqueolóxicas máis importantes da comarca, a necrópole megalítica do Monte Piquiño.

Como arqueólogo foi comisario local das escavacións arqueolóxicas en Compostela e membro da Real Academia Galega polo que percorreu a pé as nosas vilas e pequenas aldeas para acceder ós xacementos arqueolóxicos acompañado de veciños e amigos que foi coñecendo durante o seu periplo vital. **Óscar Lojo – Batalla Sampedro**, alcalde republicano en Ames, **Gustavo Varela Gutiérrez de Caviedes**, catedrático de Ciencias Naturais no Instituto Cervantes e mestre na USC, **Juan Pérez Millán**, profesor e coengo-arquiveiro da catedral, **Adolfo Calvo**, practicante municipal de Teo, etc...


A súa meticulosidade e rigorosidade no estudo e análise dos xacementos contribuíu a mudar a visión da arqueoloxía galega para convertela nunha verdadeira disciplina científica. Mestre do debuxo arqueolóxico como os seus predecesores na Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra (E.Campo, Castelao, Feijo Alfaya, E. Mayer, Souto Cuero...) logra nos seus deseños unha gran plasticidade sen esquecer a precisión na súa execución técnica o que proporciona fermosas obras artísticas e incuestionables documentos científicos.

Sobrino L.-R. participa do espírito renovador e multidisciplinar da Xeración Nós e representa certa continuidade co traballo, estilo e metodoloxía dos eruditos do Seminario de Estudos Galegos que fora erradicado polo fascismo. Como sinala outro dos grandes investigadores actuais neste eido, Antonio de la Peña “Sobrino Lorenzo, la figura más brillante en la historia de la investigación de los grabados rupestres galaicos [...] alcanzó el nivel más alto [...], su amplio dominio bibliográfico (herdanza do seu pai), su profundo conocimiento del terreno en el que se movía – no en vano conoecía de primeira mano la práctica totalidad de los complejos rupestres conocidos entonces – y su aparente alejamiento de condicionamientos ideológicos, dan a su obra una extraordinaria coherencia”.

En definitiva, foi un home do renacemento que alumeou as tenebrosas décadas da posguerra galega coa súa paixón por recuperar, divulgar e transmitir o legado que os nosos devanceiros nos deixaron nesas laxes cheas de gravados cuxo significado segue a ser todo un misterio sen resolver que cada día atrae a máis investigadores e afeccionados. O seu pasamento prematuro impediunos seguir desfrutando dun dos pioneiros da arqueoloxía galega.



Retrato de Ramón Sobrino realizado por Villafinez.



Ramón Sobrino Lorenzo no petróglifo de Conxo, 1935